

BODEGÓN CON FANTASMAS

1472

Enrique Buleo, 2024

ESTREA EN NUMAX: 03.03.2025 | V.O. | +7 | 87 min

Rodeados por viñedos e terras de cereais, os habitantes dunha vila de La Mancha pasan os seus días con normalidade. Uns, os vivos, loitando contra os apuros da vida mentres outros, as pantasma, enfrontan os desgustos da morte.

«Unha sorte de herdeira espiritual do cinema de José Luís Cuerda»

María Bescós, HOBBY CONSOLAS



Entrevista con Enrique Buleo: «Tiñamos moitas ganas de coñecer os resultados, así que agardamos á saída do cinema»

Por Alfonso Rivera

Como te presentarías á industria cinematográfica e ao público? Como un cineasta marxinal interesado nos marxinais e en desmitificar este absurdo mundo onde vivimos, facéndoo sen épica e con humor.

De todas as etiquetas que lle puxeron á película, cal é para ti a máis excéntrica e cal a máis atinada? A que menos me gusta, sen dúbida, é a de “retrato da España baleirada”, “retrato da vida rural” ... Por que as películas que transcorren en cidades nunca van “sobre a vida na cidade” e as que transcorren en vilas si que van “sobre a vida na vila”? É unha película que transcorre nunha vila, pero non é unha película sobre as vilas. Todo isto paréceme dun urbanocentrismo bastante ridículo. *Bodegón con fantasmas* fala da morte, a soidade, a vergoña, os desexos insatisfeitos... Eu son de vila e para min o natural é que as cousas transcorran alí. E a máis atinada agasallouma un programador dun festival: “western espectral”. Eu sempre pensei que La Mancha ten algo de salvaxe oeste.

Por que un filme de episodios? Ultimamente abunda este formato... Un dos recordos máis felices da miña infancia ten que ver coas antoloxías de relatos curtos de misterio que lía coa miña nai antes de durmir. Tamén coas películas episódicas que adoitaba ver de neno cos meus irmáns e que me encantaban, como *Creepshow*. Doutra banda, tamén hai motivos menos amables. Eu sufro de insatisfacción crónica e enfrontarme a unha película episódica ou a unha antoloxía de contos sempre me tranquiliza e convídame a pensar que con ela teño máis posibilidades para encher os meus baleiros que cunha película dunha soa historia, onde o xogo é a todo ou nada. Tamén adoito ter problemas para conectar coa maioría dos personaxes, dilemas ou tramas que vexo nas películas. Non adoito sentir que estean a falar de min ou de algo que me afecte dalgunha maneira, e o feito de que se me presenten varias historias resúltame esperanzador.

Custou erguer esta longametraxe? Moitísimo. Na industria sempre se percibiu como un proxecto de risco, simple e sinxelamente, porque era unha película episódica. Nun momento no que o público está máis afeito e interesado que nunca no serial, nos relatos fragmentados, en todo tipo de estruturas narrativas, resulta que unha película episódica supón un risco. Atopamos máis prexuizos e conservadurismo na industria que nos espectadores. O público que a viu nos festivais de cando en cando fixo mención á súa estrutura episódica para criticala ou encomiala. Con todo, nalgúns programas de desenvolvemento onde participamos e en moitas institucións ás que acudimos en busca de financiamento facían moito fincapé en que era unha película episódica coma se isto conlevase, de seu, unha menor calidade.

Cales son as vantaxes e os inconvenientes de traballar con actores naturais? Se fas un traballo teimudo de cásting e escribes os personaxes tendo en conta as súas capacidades, só vantaxes. Obviamente, aos actores non profesionais non lles podes pedir, polo xeral, capacidade de improvisación, diferentes rexistros... Pero fascíneme a autenticidade e frescura que achegan.